



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



INSTRUCCIÓN 2/2018, do 27 de abril, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento da fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro do Programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2016.

A Orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG nº 44 do 4 de marzo de 2016) pola que se establecen as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral recolle no artigo 6 do anexo I o procedemento de avaliación do rendemento para a fase de estadía das persoas contratadas con cargo á modalidade A deste programa.

De acordo con este artigo, unha vez transcorridos 21 meses de estadía as entidades beneficiarias terán que remitirle á Secretaría Xeral de Universidades se se trata dunha universidade do SUG ou á Axencia Galega de Innovación no caso das demais entidades, un informe, xunto cunha memoria asinada pola persoa contratada e pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación, sobre o grao de cumprimento do plan de estadía. Dado que xa se cumpriron os 21 meses de estadía para os contratos que comezaron no mes de xuño de 2016, cómpre iniciar este procedemento de avaliación do rendemento.

De acordo co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

De acordo co Decreto 135/2017, de 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e na procura de sinerxias, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

En consecuencia, no uso das competencias que temos atribuídas, ditamos a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria do ano 2016 que se atopan a piques de rematar o seu período de estadía no estranxeiro, de acordo co procedemento establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2016.
2. Para tal fin, as entidades beneficiarias deberán remitir, con data límite do 21 de maio de 2018, un informe acompañado dunha memoria asinada pola persoa contratada e pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación, sobre o grao de cumprimento do plan de estadías, no que indicará os períodos de estadías efectivamente cumpridos especificando, no seu caso, as modificacións producidas e a súa causa con respecto ao plan de estadías presentado coa solicitude.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Complementariamente, e para verificar o cumprimento do período mínimo de 21 meses esixido na fase de estadía, as entidades beneficiarias deberán remitir un certificado emitido polo centro ou centros receptores no que se indique o período de tempo en que a persoa contratada permaneceu neles

3. Co obxecto de coñecer o rendemento científico acadado nesta fase, o informe da entidade beneficiaria e a memoria que o acompaña deberán describir o traballo realizado por cada unha das persoas contratadas así como o grao de adecuación das actividades desenvolvidas ao seu plan de traballo previsto para ese período. No caso de que se produciran modificacións sobre as previsións iniciais deberán motivar e explicar a súa incidencia no proxecto presentado. A documentación presentárase en formato libre e a memoria deberá ter unha extensión de entre 2.500 e 4.000 palabras.

4. No caso daquelas persoas que iniciaron o contrato con posterioridade ao mes de xuño de 2016 ou daquelas que tiveran o cómputo do contrato interrompido por algunha das causas indicadas no artigo 16 da orde de convocatoria, deberá remitirse o informe da entidade e a memoria cunha antelación mínima de 45 días con respecto ao inicio teórico do contrato de retorno, e o certificado emitido polo centro receptor ou centros receptores con 15 días de antelación.

5. O informe, a memoria e a documentación complementaria serán avaliados pola Secretaría Xeral de Universidades ou pola Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda, que poderán contar co asesoramento de expertos externos, e será preciso obter unha avaliación positiva e realizar un mínimo de 21 meses de estadía nesta fase para acceder ao contrato na fase de retorno.


Santiago de Compostela, 27 de abril de 2018

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación



Patricia Argente Vilar